

2ª ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

USUARIO : FLORINDA NÓVOA CALVO.
CEIP XOÁN DE REQUEIXO - CHANTADA-

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN.
DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación PRIMEIRO CURSO.	Estándar de aprendizaxe
Na primeira e segunda avaliacións tiven en conta o traballo en grupo e o traballo individual de cada alumno, as probas orais contaron o 60% e as probas escritas o 40% vendo o caderno de cada alumno, o instrumento utilizado foi fundamentalmente a observación.	111- Coñece e respecta a obra Creada. 112- Valora e respecta familia de Xesús a semellanza da súa.
Para a terceira avaliación o traballo do alumnado centrarase no desenvolvemento de actividades de recuperación, repaso e reforzo .	121- Sinala e representa as características de amizade de Deus con home: coidado, protección, acompañamento... 122- Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.
Mínimos imprescindibles:	131- Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
- Coñecer aspectos básicos da relixión cristiá.	
- Descubrir como Xesús cos seus feitos e palabras nos ensina a amar, axudar aos demais e a mellorar o mundo.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación SEGUNDO CURSO.	Estándar de aprendizaxe.
Mínimos imprescindibles:	211- Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
- Descubrir a Biblia a partir das súas narracións e distinguir o Antigo e Novo Testamento.	212- Expresa a función que tiña A tenda do Encontro.
- Admirar a Deus Pai como Creador de todo, que quere que cuidemos e respectemos o creado.	221- Identifica os pais, padriños, bautizados como pobo xerado por Deus.
Terase en conta os debate, traballo oral o 60% , o traballo individual do libro , caderno de clase un 40%. O instrumento	222- Identifica o camiño que compre seguir para chegar a Deus.

utilizado na primeira e segunda avaliación foi a observación.	
	231-Describe en que consiste o valor de agasallar.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación TERCEIRO CURSO.	Estándar de aprendizaxe
Mínimos imprescindibles:	311-Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.
-Descubrir a acción salvadora de Xesús.	312-Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.
-Valorar e respectar a Biblia como Palabra de Deus.	321-Pon exemplos de persoas que se comportan como o bo samaritano.
-Admirar a acción de Deus Pai na Creación descubriendo o noso protagonismo activo na defensa e mellora da natureza.	322-Identifica os pasos que cómpre seguir para facer o ben.
Fixéronse debates orales sobre os temas tratados, tamén se traballou en equipo, e valorouse o traballo individual no caderno de clase e o comportamento de cada neno na primeira e segunda avaliación.	331-Expresa como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación CUARTO CURSO.	Estándar de aprendizaxe
Mínimos imprescindibles:	411-Lembra e acepta situacións propias ou sociais que necesitan de perdón.
-Descubrir o amor de Deus que nos salva a través de Xesús e da acción da Igrexa.	412-Expresa unha estratexia conciliadora.
-Descubrir a importancia dos sacramentos na vida cristiá	421-Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza a parábola do fillo

	pródigo.
-Explicar de maneira elemental o sentido das celebracións cristiás. Para conseguir os anteriores estándares organizáronse en clase debates orales, logo traballouse en equipo dándolle a cada estándar o % de peso posto na programación, posteriormente cada neno traballou individualmente utilizando o caderno de clase.	422-Enumera comportamentos para practicar o valor do altruísmo.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación QUINTO CURSO.	Estándar de aprendizaxe
Mínimos imprescindibles:	511-Xustifica críticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
-Utilizala Biblia como libro de fe, recoñecelos textos fundamentais e interpretalos axeitadamente.	512-Define o termo bíblico Alianza.
-Descubrir e describir actitudes de personaxes bíblicos que son modelos de vida fundamentais de fe cristiá.	521-Explica a Alianza de Deus co seu pobo.
Criterios de avaliación.	522-Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento
-Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	531-Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos Evanxeos.
-Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.	
-Distinguir os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.	
-Recoñecer o cambio que xera o encontro con Xesús.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación SEXTO CURSO.	Estándar de aprendizaxe

Mínimos imprescindibles:	611-Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación.
-Descubrir e comprendelo significado sagrado e celebrativo das festas relixiosas.	612-Investiga acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.
-Recoñecer os momentos fundamentais do ciclo litúrxico relacionándoos coa Historia da Salvación.	621-Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.
-Analizar modelos de moral cristiá.	
Criterios de avaliación	
-Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	
-Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana.	
-Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p> <p>No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros</p>
-------------------	---

	<p>trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>O procedemento de avaliación adecúase a adaptación metodolóxica realizada durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020. A avaliación ten carácter continuo e global, diagnóstico e formativo a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.</p> <p>Instrumentos: A avaliación dos nenos/as farase según os datos recollidos de avaliacións anteriores, tamén se valorarán as actividades do terceiro trimestre feitas on line para beneficiar ao alumno/a positivamente.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Terase en conta o traballo presencial da primeira e segunda avaliación, cos datos recollidos das avaliacións anteriores, e as actividades de reforzo e ampliación da terceira avaliación, serán tidas en conta so positivamente para favorecer ao alumnado.</p>
	<p>O Claustro do CEIP Xoán de Requeixo, en reunión mantida o 15/5/2020 por medio de videoconferencia decidiu por unanimidade cualificar ao alumnado de educación primaria con 1 punto extra polo traballo non presencial desenvolvido no terceiro trimestre. En ningún caso puntuará negativamente que o alumnado non realice as tarefas.</p> <p>Para acadar este punto avaliarase do seguinte xeito:</p> <p>a-Envío de tarefas feitas 0,25 puntos.</p> <p>b-Tarefas ben feitas 0,50 puntos.</p> <p>c-Actividades con algún erro 0,25 puntos.</p> <p>TOTAL: a+b+c=1</p>
	<p>AVALIACIÓN ORDINARIA.</p> <p>A nota final será a media da primeira e segunda avaliación, podendo obter a maiores polo traballo realizado na terceira avaliación 1 punto máis.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

PRIMEIRO CURSO

Tarefas sobre a obra creada por Deus para as persoas.

Tarefas que tratan sobre valores como o amor, amizade, convivencia, paz,...

Copiar un pequeno texto, sobre os ditos valores.

SEGUNDO CURSO

Diferenciar cousas creadas por Deus e por as persoas, facer debuxos representando cada cousa.

Ver un vídeo sobre a Creación, e facer debuxos representándoa.

Identificar a familia como obra de Deus.

TERCEIRO CURSO

Ver vídeos e facer breves resumos sobre Historias da Biblia: O xardín do Edén, Arca de Noé, Jonás, etc.

Traballar as parábolas, do Bo Samaritano., fillo pródigo, a ovella perdida, o trigo e o xoio, etc

CUARTO CURSO

Ver vídeos e facer breves resumos sobre Historias da Biblia: O xardín do Edén, Arca de Noé, Jonás,

Historia de Moisés, etc

Os sacramentos.

Tarefas sobre o amor, paz, altruísmo, convivencia, solidariedade, etc.

QUINTO CURSO:

Parábola do Fillo Pródigo, ver vídeo, facer resumo, contestar preguntas sobre esta parábola, representala mediante debuxos.

Definir o que é unha Alianza.

Misión da Igrexa.

SEXTO CURSO

Facer un traballo sobre as cinco grandes relixións do mundo, tendo en conta quen foi o fundador, día de festa, libro sagrado, Deus, templo onde se reúnen, autoridade relixiosa, símbolo, etc.

Contestar a preguntas relacionadas cos sacramentos.

Clasificación dos libros da Biblia.

PARA TODOS: Historia de Moisés para tódolos curso adaptándoa a cada nivel. Escoitaron canción

	adaptadas aos seus anos para o día da nai, e fixeron unha manualidade para agasallala.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>As actividades pónense na páxina web do colexio Xoán de Requeixo, no blog de relixión, os alumnos mándanmas feitas o enlace de correo electrónico que teño posto en dita páxina, corríxo e contesto, algúns tamén mas envían por whatsApp, os que non teñen conectividade xa o sabe a titora que o pon en coñecemento da directora, para mandarlle as actividades por medio do persoal do concello.</u>
Materiais e recursos	<u>Fotos, vídeos,, documentos word, folios, libretas, etc.</u>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Correo electrónico posto na páxina web do centro , recibo as tarefas feitas e contesto , tamén por WhatsApp.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Ceip Xoán de Requeixo.